

MEMORIA ANUAL 2017

FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA

30 ANOS
(1987 - 2017)



FUNDACIÓN
AMIGOS DE GALICIA

ÍNDICE DE CONTIDOS

1.	INTRODUCCIÓN	2
2.	PADROADO REITOR	3
3.	QUENES SOMOS.....	4
4.	INSTALACIÓNS DA ENTIDADE	5
5.	PROXECTOS.....	6
5.1	A LOITA CONTRA A POBREZA.....	7
5.2	A PROTECCIÓN DA INFANCIA.....	14
5.3	IMPULSANDO O EMPREGO.....	17
5.4.	PROXECTO INTEGRAL PARA MULLERES....	22
5.5.	O COLECTIVO MIGRANTE.....	25
5.6.	TAPÓNS SOLIDARIOS.....	27
5.7.	PROGRAMAS DE EMERXENCIA.....	30
5.8.	COOP. NACIONAL E INTERNACIONAL.....	32
5.9.	CULTURA GALEGA.....	35

ANEXO 1_ CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS
CONCELLOS CON ACTUACIÓN DA FUNDACIÓN
AMIGOS DE GALICIA

ANEXO 2_ BALANCE DE GASTOS E INGRESOS

ANEXO 3 ENTIDADES COLABORADORAS



1. INTRODUCCIÓN

A **Fundación Amigos de Galicia** é unha entidade sen fins lucrativos (Ley 49/2002) tal e como se mostra nos seus Estatutos, rexistrada como **Entidade Prestadora de Servizos Sociais nº E-2199**. Tamén está rexistrada como **organización Non Gubernamental para o Desenvolvemento E-19 no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación, no Rexistro de Entidades de Interese Galego co nº 28 (1995/5)**, e acollida á Lei de Mecenado e no **Rexistro de Entidades Culturais co nº 36**.

A Entidade conta coa **Axencia de Colocación** aprobada pola **Xunta de Galicia**, con número de **Expediente 2012/017** e **Número de Identificación 1200000013**.

Cabe destacar que as **contas da Entidade están auditadas pola empresa Galicontrol, S.L.** e conta tamén co **Certificado de Aprobación do Sistema de Xestión de Calidade de UNE EN ISO 9001:2008**, aprobado e en vigor dende o 7 de outubro do 2015.

A Fundación Amigos de Galicia desenvolve as súas actividades no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia principalmente, realizando accións puntuais tanto en España coma no estranxeiro.

2. PADROADO REITOR

PRESIDENTE DE HONRA <i>Ramiro Carregal Rey</i>	VOGAL <i>Dolores Abelenda Díaz</i>
PRESIDENTE <i>Miguel Villar Costoyas</i>	VOGAL <i>José A. Alonso Miranda</i>
SECRETARIO <i>Ramiro José F. Varela Cives</i>	VOGAL <i>Alfredo Garrido González</i>
VICEPRESIDENTE (A CORUÑA) <i>Jose Andrés García Cardeso</i>	VOGAL <i>Carmen Garrido Torres</i>
VICEPRESIDENTA (PONTEVEDRA) <i>M^a del Pilar Valiño Prieto</i>	VOGAL <i>José Domingo González Bahillo</i>
VICEPRESIDENTA (LUGO) <i>Gloria Rodríguez Moirón</i>	VOGAL <i>María del Pilar Goris Barros</i>
VICEPRESIDENTE (OURENSE) <i>Saturnino Cuquejo Iglesias</i>	VOGAL <i>Mercedes Piñeiro Díaz</i>
TESOUREIRO <i>Antonio Costa Sánchez</i>	VOGAL <i>Emilio Santasmarinas Raposo</i>

A Fundación Amigos de Galicia celebra o seu XXX Aniversario

A Fundación Amigos de Galicia celebrou no ano 2017 o seu XXX Aniversario, motivo polo cal organizou diferentes actos en conmemoración aos 30 anos como entidade.

O 17 de maio, día no que se funda a entidade, e coincidindo co Día das Letras Galegas, organizouse un acto especial en Portas no que estiveron presentes o padroado reitor, os/as socios/as, colaboradores/as, traballadores/as e

voluntarios/as que forman parte da Fundación Amigos de Galicia.


Ao acto, ao que acudiron 615 persoas, participaron a **Banda de Música Artística de Merza**, o **Grupo Folclórico Domingo Fontán** de Portas e o **Grupo Musical A Roda**.



3. QUENES SOMOS

CADRO DE PERSOAL		
POSTO	Nº	RETRIBUCIÓN
Director Xeral	1	1. Fundación Amigos de Galicia
Traballadores/as Sociais	3	2. Fundación Amigos de Galicia 1. Subvencionado por Programa Coopera
Integradores/as Sociais	4	1. Fundación Amigos de Galicia 3. Programa Garantía Xuvenil
Orientadores/as laborais	10	5. Fundación Amigos de Galicia 1. Subvencionado por Programa Coopera 4. Subvencionado por Programa IOBE
Administrativos/as	8	6. Fundación Amigos de Galicia 1. Subvencionado Programa Coopera 1. Subvencionado Programa Garantía Xuvenil
Telefonista	1	1. Subvencionado Programa Garantía Xuvenil
Auxiliar Administrativo	1	1. Fundación Amigos de Galicia
Xornalista	1	1. Fundación Amigos de Galicia
Chofer	8	5. Fundación Amigos de Galicia 2. Subvencionado Programa Garantía Xuvenil 1. Subvencionado Programa Coopera
Almacenista	5	5. Fundación Amigos de Galicia
Oficial Lavandaría	7	7. Subvencionado Programa Coopera

Ademais do persoal, a Fundación Amigos de Galicia conta coa indispensable labor e colaboración de:



4. INSTALACIÓNS DA ENTIDADE

A Entidade conta con diversos centros de traballo, oficinas, naves e medios de transporte que permiten desempeñar diariamente a súa labor. **A sede social atópase en Avda. De Lugo, 115 (Santiago de Compostela).**

Novas relacionadas

No mes de outubro do ano 2017, a Fundación Amigos de Galicia adquiriu un novo camión con cámara de frío cun valor de 66.000 € co obxectivo que os produtos que a entidade entrega entre os/as usuarios/as cheguen en perfectas condicións. A financiación do camión contou coa colaboración de aportacións privadas dos/as socios/as da entidade, así como de Obra Social La Caixa, que aportou 12.000€.

OFICIÑAS

Avda. de Lugo, 115 - Santiago de Compostela – **A Coruña – 981 57 60 34 - SEDE SOCIAL**

Avda. López Ballesteros, 9 – Vilagarcía de Arousa – **Pontevedra – 610 475 431**

Casa da Luz, s/n – Praza da Verdura – **Pontevedra 610 475 357**

Avda. de Portugal, 59 – **Ourense 678 920 387**

OFICIÑAS IOBE

Avda. de Lugo, 115 - Santiago de Compostela – **A Coruña – 610 475 763**

Avda. López Ballesteros, 7 – Vilagarcía de Arousa – **Pontevedra – 610 475 431**

Rúa Sor Lucía, 4 - **Pontevedra 610 475 357**

Avda. de Portugal, 59 – **Ourense 678 920 387**

INSTALACIÓNS

Naves

Avda. López Ballesteros, 9 – Vilagarcía de Arousa- 1.620 m (almacén de alimentos, mobles, electrodomésticos, etc.)

Rúa Fontercamoa, 63- Vilagarcía de Arousa – 450 m (lavandería)

Rúa Lope de Vega, 32 – Rábade – Lugo – 100 m (almacén)

Rúa Tres Nº7 Polígono San Cibrao das Viñas – 2.450 m (almacén)

Medios de transporte

1 camión - 12 toneladas

1 camión isoterma – 8,5 toneladas

1 furgoneta cedida – 2.170 kg

2 furgoneta mercada pola Fundación Amigos de Galicia- – 2.358 kg

1 furgoneta para Lugo mercada pola Fundación Amigos de Galicia – 2.170 kg



PROXECTOS 2017

Fundación Amigos de Galicia

A loita contra a **POBREZA** e a **EXCLUSIÓN**

A Fundación Amigos de Galicia realizou no ano 2017 un total de **41.984 atencións directas a beneficiarios/as do Plan Integral de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social**, das cales **15.590** foron a menores.

Fundación **A**migos de **G**alicia





Eixe central. O Plan Integral de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social

A **pobreza** é o maior reto para todos os países do mundo, xa que representa en si mesma unha das vulneracións máis graves dos **dereitos humanos**.

Hai países no mundo que teñen índices case inexistentes de pobreza e desigualdade social, o que nos indica que é posible erradicala.

En Galicia, segundo datos do ano 2017, a taxa de **risco de de pobreza e exclusión social** sitúase por enriba do 25%, o que significa que máis dunha cuarta parte da poboación da comunidade ingresan menos de 8.200€ ao ano, sufren carencia material severa ou viven en fogares azotados pola escaseza de oportunidades laborais ou a precariedade laboral.

A pesar da recuperación económica que vive Galicia nos últimos anos, a desigualdade social mantense en cifras similares— entre 2015 e 2017 a taxa de pobreza baixou 3 décimas, pasando de 25,7% a 25,4% -.

Outro dato que continúa sendo preocupante é a **pobreza severa** – familias que viven con 342 euros ao mes –. Esta situación afecta ao 4% da poboación galega (108.700 persoas).

Tendo en conta a gravidade da situación na que se atopan moitas familias galegas, dende

Fundación Amigos de Galicia, como entidade prestadora de Servizos Sociais, temos como misión ofrecer a nosa axuda ás persoas que se atopan en risco de exclusión social de Galicia, especialmente a aquelas familias que teñen menores a cargo.

Para iso, a entidade desenvolve o **Plan Integral de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social**, que consiste na **cobertura das necesidades básicas das persoas carentes de recursos económicos de Galicia, principalmente cando nestos fogares hai menores a cargo**.

O programa vai dirixido a persoas que se atopan en risco de exclusión social, entendendo que a exclusión pode deberse a unha falta de ingresos debida a factores como a perda dun emprego ou a dificultade para acceder ao mesmo, a ausencia de redes familiares e sociais, algunha discapacidade severa, a carencia dunha vivenda digna, etc.

Os principais colectivos atendidos dende a entidade son:

- Familias con dificultades económicas con menores
- Mulleres vítimas de violencia de xénero con menores a cargo
- Parados/as de longa duración
- Persoas con familiares dependentes ao seu cargo
- Inmigrantes
- Emigrantes

O Plan Integral de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social engloba dous programas diferentes

1. Plan de Cobertura de Necesidades Básicas Alimenticias ás Persoas Carentes de Recursos Económicos de Galicia:

A Fundación Amigos de Galicia leva a cabo este Plan co obxectivo de garantir as necesidades alimenticias daqueles colectivos especialmente vulnerables.

A axuda consiste nunha entrega periódica de produtos alimenticios **non perecedoiros** (aceite, arroz, pasta, conservas, conxelados, crema de verduras, tomate frito, azúcar, cacao, galletas, leite, zume, etc.); e **perecedoiros** (carne, peixe, embutidos, pan, patacas, ovos, queixo, froita, hortalizas etc.). Esta axuda tamén inclúe a cobertura de alimentación infantil (leite de primeira lactancia e de continuación, potitos, cereais infantís), así como cueiros.

Neste eido tamén se entregan **alimentos para persoas con necesidades alimenticias especiais**: sen glute, sen lactosa, etc.

2. Plan de Cobertura de Outras Necesidades a Persoas Carentes de Recursos Económicos de Galicia:

O obxectivo do programa consiste en dar cobertura ás necesidades non alimenticias das familias en situación de carencia e/ou limitación de recursos económicos, tratando de evitar que a non cobertura de outras necesidades básicas poida derivar na súa exclusión social.

Dentro deste programa dase cobertura ás necesidades de:

- **Vestimenta / Calzado**
- **Produtos de hixiene persoal e limpeza do fogar**
- **Entrega de mobiliario, electrodomésticos e enseres do fogar**
- **Material escolar entre os menores para a “volta ao cole”**
- **Xoguetes durante as datas de Nadal entre os menores atendidos**
- **Outras aportacións, de carácter básico, que puideran ser necesarias.**



REPARACIÓN DE VIVENDAS

Dentro do Plan de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social levado a cabo pola entidade, a Fundación Amigos de Galicia presta axuda a familias galegas, principalmente con menores a cargo, que se atopan en situación de dificultade económica, e que precisan axuda na rehabilitación da súa vivenda para poder vivir nun fogar digno.

Para iso, a entidade faise cargo do servizo de albanelería, entrega de mobiliario e electrodomésticos, etc. para acondicionar as vivendas de estas familias. No 2017 a entidade axudou na reparación dunha vivenda en Pazos de Borbén, outra en Salceda de Caselas e outra en Monforte de Lemos.

O Plan Integral de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social en datos

Durante o ano 2017 entregamos
992.659,54 quilos de **alimentos**

Durante o ano 2017 entregamos
686 mobles e electrodomésticos


Durante o ano 2017 entregamos
40.848,65 € en vestimenta e calzado

Todas as familias atendidas contan con un informe de derivación dos Servizos Sociais dos concellos cos que se mantén convenio de colaboración; de outro organismo público (Subdirección Xeral de Familia e Menores); ou no seu defecto, con unha valoración de idoneidade da axuda realizada por traballadores/as sociais contratados/as para tal fin pola entidade.

Todas as actuacións realizadas son gratúitas para as persoas beneficiarias.

Número de actuacións e evolución de beneficiarios/as

A Fundación Amigos de Galicia realizou no ano 2017 un total de **41.984** atencións directas a beneficiarios/as do Plan Integral de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social, das cales **15.590** foron a menores.



CURSO DE ECONOMÍA DOMÉSTICA

O Dpto. de Traballo Social da entidade desenvolveu ao longo do ano 2017 o **Curso de Economía Doméstica** dirixido a persoas que reciben ou recibiron atención da Fundación Amigos de Galicia.

No curso se trataron temas como a elaboración da lista da compra, trucos para comprar en supermercados e aproveitar as ofertas, métodos de consumo responsable, como detectar a publicidade enganosa, trucos para o aforro nas facturas da luz, teléfono, auga, etc. Todo co obxectivo de que estas familias poidan levar a cabo unha boa organización do presuposto familiar e poidan empregar técnicas de aforro moitas veces descoñecidas.

O curso levouse a cabo nos concellos de: **As Neves, Caldas de Reis, Moaña, Moraña, Ourense, Pontecesures, Pontevedra, Silleda, Soutomaior e Vilagarcía de Arousa.**

Nalgúns concellos, complementouse o curso cunha clase de cociña económica onde as persoas aprenderon a preparar pratos con produtos entregados pola entidade no reparto mensual de alimentos.



Paco , chef do Veiramar (Arcade), xunto a Carmen Fouces (Concelleira de Servizos Sociais de Pontevedra), Noelia Romero (Subdirectora da Fundación Amigos de Galicia) e Jéssica Martínez (integradora de Fundación Amigos de Galicia).



Paco, chef do Restaurante Veiramar en Arcade, durante o curso de economía doméstica en Pontevedra.

COLABORACIÓN CON OTRAS ENTIDADES

A Fundación Amigos de Galicia colabora con outras entidades de carácter social como comedores sociais, residencias de maiores, centros de educación especial, etc. mediante a entrega de alimentos mercados pola entidade ou doados por empresas que colaboran habitualmente coa entidade.

Durante o ano 2.017, a entidade realizou un total de **58.073 atencións a entidades sociais** mediante a entrega de **155.449,37 quilos** de alimentos de primeira necesidade.

ENTIDADES DE A CORUÑA	PESO
Cociña Económica de A Coruña	1.612,80
Ecodesarrollo Gaia	1.800,00
Centro Cristiano de Bertamiráns	2.086,10
Hermanitas Ancianos Desamparados de Bertamiráns	2.000,00
MM Trinitarias Monasterio de San José y de la I.C.	1.044,00
Cocina Económica de Santiago	925,92
Asociación Itinera	1.664,52
Residencia San Marcos Hermanitas de los Ancianos Desamparados	1.191,20
Sociedad San Vicente	900,00
ENTIDADES DE A PONTEVEDRA	PESO
Asilo de Caldas. Hermanitas Ancianos Desamparados	10.579,74
Hijos de M ^a Auxiliadora	425,90
Asilo de Cambados	8.422,12
Caritas de Castrelo	687,10
Asociación Protectora Animales de Cambados	608,00
Asociación Santiago Apóstol de Cangas	345,60
Centro Reto a la Esperanza	1.826,00
Comedor Pan de los Pobres del Convento de S. Francisco	4.332,36
Boa Vida	632,94
Asociación Rexurdir	1.556,32
Asociación de alcohólicos rehabilitados de Pontevedra	225,45
Asociación Solvencia	6.917,65
Cáritas Noalla	384,00
Hermanitas de los ancianos desamparados Vigo	2.760,10
Asociación para o desenvolvemento social da comarca do Deza	1.325,60

Hermanitas de los Ancianos desamparados Tui	531,20
Asociación Bata	405,30
Asociación Princesa Letizia AMENCER	365,55
Asociación Protectora de Animales de Vilagarcía	220,00
Asociación con Eles	1.964,32
Cáritas Interparroquial de Arousa	691,20
Asociación Callejeritos Colonias sin hogar	220,00
Hermanos Pobres de Teis	6.709,05
Comedor Vida Digna	21.073,12
Comedor de La Esperanza	1.382,40
Fundación Érguete-Integración	1.649,64
Remar Galicia	4.846,60
Asociación de ayuda al enfermo mental, DOA	855,60
Aldeas Infantiles SOS Galicia	3.943,19
Misión del Silencio	2.682,18
Federación de Asociacions de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG)	414,44
Asociación Ciudadana de lucha contra la droga-ALBORADA	1.117,84
Asociación de Iniciativa Social Berce	613,64
Fundación Integrada para la discapacidad intelectual	211,65
Fundación Asilo Hospitalillo Vilagarcía	2.211,53
Reto a la esperanza	387,19
Fundación Aldaba	1.092,64
Monasterio San Cristobal Agustinas Recoletas	820,40
Casa Santa María de la Esperanza	5.665,76
Centro Juan María	2.881,44
Asociación Maluma O Grove	2.623,50
ENTIDADES DE LUGO	PESO
Residencia San José de Monforte de Lemos	691,20
Cáritas Interparroquial Sarria	1.689,60
ENTIDADES OURENSE	PESO
Fundación San Rosendo	29.009,65
Cáritas Diocesana de Ourense	1.382,40
Fundación Barata Ojea Quiroga Vilariño	111,48
Asociación Ourensana de Discapacitados	132,24
Comunidad Local Residencia San José de Ourense ancianos desamparados	600,00

A protección da INFANCIA

Fundación Amigos de Galicia



Dende Fundación Amigos de Galicia temos como misión principal traballar para que todos os menores teñan garantidos os seus dereitos.

Os menores son moitas veces as persoas máis vulnerables e as máis silenciadas en situacións de exclusión social, e por iso, a Fundación Amigos de Galicia pon a disposición da infancia toda a axuda que lle sexa necesaria.

Durante o ano 2017 atendemos as necesidades básicas de 15.590 menores de Galicia en situación de pobreza ou exclusión social.

Traballamos día a día para asegurar que os/as nenos/as teñan cubertas as súas necesidades básicas de alimentación, vestimenta, hixiene, escolarización, e por suposto, o seu dereito a non perder nunca a ilusión.

Para iso levamos a cabo o **Plan Integral de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social**, prestando unha especial atención á **INFANCIA**.

Calquera caso dun menor que non ten cubertas as súas necesidades, é atendido INMEDIATAMENTE pola entidade.

Ademais, lévanse a cabo campañas específicas para eles/as. Como é a campaña de material escolar ***Nas súas mochilas, os seus sonhos***, que consiste na entrega de material escolar ao comezo do curso; ou a **campaña de Nadal**, pola que cada menor de 0 a 8 anos atendido por Fundación Amigos de Galicia recibe un **xoguete novo** para que nunca perda a ilusión.

Contra a violencia

Nos últimos anos, Fundación Amigos de Galicia vense implicando cada vez máis coa protección da infancia e dando voz a casos que vulneran os seus dereitos.

Así se reflicte no punto 6.4 dos Estatutos da Fundación Amigos de Galicia, polo cal a entidade poderá personarse como acusación popular en casos de violencia contra un menor; e no artigo 6.5, que fai fincapé na protección da infancia.

No ano 2017 a entidade comezou o proceso para personarse como acusación popular con un neno de Mondoñedo, que presuntamente recibía maltrato físico no seu seo familiar.



Traballamos para que os menores estean protexidos fronte á violencia.

Segundo datos publicados polo Ministerio de Sanidade e Unicef, case 300 menores galegos/as foron vítimas de violencia doméstica no ano 2016, un 70% máis en comparación ao ano 2009. Os datos fan referencia a agresións físicas, abuso sexual, prostitución, corrupción de menores ou explotación cando se producen no ámbito familiar.



Recollida de alimentos por parte do CEIP BARTOLOMÉ DE TREMOEDO (Vilanova de Arousa)

100 nenos/as morreron en España nos últimos anos por violencia, datos que reflicten a urxencia por poñer ao servizo da infancia mecanismos de prevención que eviten máis mortes, así como asesorar e axudar a aqueles/as nenos/as que sufriron a violencia.

A entidade leva anos traballando en programas dirixidos a mulleres e menores que sufriron, sofren ou son susceptibles de sufrir violencia de xénero. En este sentido, en Fundación Amigos de Galicia levamos a cabo un plan integral que ofrece **asesoramento psicolóxico, asesoramento xurídico, orientación laboral** para as mulleres e **apoio social** mediante a cobertura das necesidades básicas de ambos (alimentación, hixiene, vestimenta, mobiliario, etc.).

Coloquios nas aulas

Dentro dos programas levados a cabo por Fundación Amigos de Galicia en relación á protección da infancia enmárcanse os *coloquios nas aulas*.

Persoal da entidade imparte charlas en diferentes colexios de toda Galicia, co obxectivo de informar aos pequenos e pequenas das ferramentas que teñen ao seu alcance no caso de que coñeceran



Actividade Conto en Valores

un caso ou viviran en primeira persoa calquera tipo de violencia.

Así mesmo, nestes coloquios tamén se tratan temas como a solidariedade, a importancia do voluntariado, etc; e se insiste na importancia de que se algún dos/as participantes coñecen algún caso de desprotección de dereitos da infancia poden poñerse en contacto coa entidade cando queiran.

Alguns dos colexios que participaron nos coloquios nas aulas son IES AQUIS CELENIS, de Caldas de Reis; IES CAMILO JOSÉ CELA, de Padón; IES ALEJANDRO RODRÍGUEZ CADARSO, de Riveira; IES CONMENIÑOS E IES AS BIZOCAS, de O Grove, CEIP SAN BARTOLOMÉ DE TREMOEDO, en Vilanova, etc.

ACTIVIDADE_ CONTO EN VALORES

A Fundación Amigos de Galicia, organizou no mes de maio unha sesión de lectura entre os/as menores atendidos/as no Concello de Pontevedra, co obxectivo de fomentar a lectura entre os/as cativos/as.

Ademais, a Fundación Amigos de Galicia entregou entre os/as pequenos/as contos de lectura, recadados nunha campaña de recollida de libros de lectura solidaria, así como contando coa colaboración da empresa Larsa.

Impulsando o EMPREGO

Durante o ano 2017, un total de **139** persoas foron insertadas no mercado de traballo de Galicia e dous en Portugal.

Fundación **A**migos de **G**alicia



A Fundación Amigos de Galicia, co obxectivo de profesionalizar o traballo que realiza en favor das persoas que se atopan en risco de exclusión social, conta coa **Axencia de Colocación con I.D. 1200000013** autorizada pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, e con dirección en Agustín Romero, 10 – Vilagarcía de Arousa.

Mellorar a empregabilidade, a busca activa de emprego e a inserción laboral das persoas que teñen dificultades para a integración laboral, é a liña de actuación principal que Fundación Amigos de Galicia está a levar a cabo nos últimos anos. Unha liña pola que apostará no futuro tendo en conta que un emprego digno é a mellor axuda ás persoas que se atopan en risco de exclusión social.

O **servizo de orientación laboral** ofrece:

- Información e orientación sobre o mercado de traballo.
- Información de cara ao autoemprego.
- Itinerarios personalizados de inserción laboral.
- Citas de orientación laboral.
- Elaboración e divulgación semanal do Boletín de Ofertas de Emprego
- Bolsa de emprego con variedade de perfís.
- Mediación coas empresas.
- Preselección/selección de candidaturas.
- Inserción laboral.


A atención aos usuarios/as realízase nas Oficinas ademais do desprazamento do/a técnico/a aos concellos rurais onde os/as usuarios teñan maior dificultade á hora de desprazarse. Oficiñas:

- **Avda. Lugo, nº 115 – Santiago de Compostela**
- **Avda. López Ballesteros, nº 9 – 36600 Vilagarcía de Arousa**
- **Casa da Luz, s/n – Praza da Verdura – Pontevedra**
- **Avda. de Portugal, nº 59 – Ourense**

🌿 COLECTIVOS ATENDIDOS:

- Persoas en risco de exclusión social
- Parados/as de longa duración
- Inmigrantes
- Menores de 30 anos
- Maiores de 45
- Mulleres vítimas de violencia de xénero
- Persoas con escasa ou nula formación

Durante o ano 2017, un total de **139 persoas foron insertadas no mercado de traballo de Galicia e dous en Portugal.**



O protocolo comeza coa inscrición en dito servizo, para o cal é preciso coñecer os datos persoais, académicos, experiencia profesional, así coma tamén, se é beneficiario dalgunha prestación ou axuda.

O rexistro dos demandante na Entidade permite que o usuario estea informado semanalmente das ofertas de emprego privadas, públicas, formación, das convocatorias e axudas que lles poidan interesar, e asemade formar parte da bolsa de emprego.

Unha vez inscrito/a, o servizo consta de tres tipo de accións:

- **A orientación laboral e deseño de Itinerarios Personalizados de Inserción Laboral**, o cal consiste en realizar un plan de accións en función do perfil persoal, profesional e académico, para unha correcta busca activa de emprego.
- **A formativa**, na cal se ofertan cursos e obradoiros impartidos pola propia Entidade, para a integración laboral das persoas en risco de exclusión social.
- Accións de **inserción laboral**, nas cales o/a técnico/a de emprego realiza accións de prospección no mercado de traballo e de intermediación laboral coas empresas. A Entidade mantén convenios de colaboración con empresas privadas galegas que ermiten a incorporación laboral dos/as usuarios/as da Entidade.

BOLSA DE EMPREGO

O Servizo de Orientación laboral traballa nunha bolsa de emprego da que forman parte **1.059 persoas desempregadas**, así como **ocupados/as en busca de mellorar a súa situación laboral**.

• IV PLAN DE INSERCIÓN LABORAL - CAMPAÑA VENDIMA 2017

Dito programa ten como obxectivo a inserción laboral durante a campaña da Vendima de persoas e familias que se atopan nunha situación de difícil inserción laboral.

Durante o ano 2017, foron insertadas 22 persoas nesta campaña.



• OBRADOIROS DE EMPREGO

O Departamento de Orientación Laboral organiza ao longo do ano diferentes obradoiros de emprego en diferentes concellos de Galicia onde se tratan temas como as capacidades persoais, a preparación das entrevistas, dereitos e deberes dos/as traballadores/as, a realización dos currículos, como buscar emprego a través de redes sociais, etc. Das persoas que recibiron o obradoiro, 6 foron insertadas.

PROGRAMAS ESPECÍFICOS DESENVOLTOS

✓ ITINERARIOS PERSONALIZADOS DE INSERCIÓN LABORAL

O programa contempla as actividades de:

- Información e orientación laboral.
- Prospección
- Mediación coas empresas e entes de emprego para acadar as ofertas existentes e levar a cabo a intermediación laboral.
- Citas de Orientación Laboral: Asesoramento en técnicas, ferramentas e medios para a busca activa de emprego, etc.

Colectivos atendidos

- Persoas en risco de exclusión social con residencia en Pontevedra, Ourense e San Cibrao das Viñas.
- Persoas inmigrantes con residencia en Pontevedra, Ourense e San Cibrao das Viñas.

Durante o ano 2017 atendéronse un total de 98 persoas, das cales 34 foron insertadas no mercado de traballo.

Este Programa está subvencionado polo Fondo Social Europeo a través da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia

✓ PROXECTO PONTE_COEMPREGO

O proxecto PONTE_COEMPREGO vai dirixido a mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas con escasa formación, parados/as de longa duración, persoas maiores de 45 anos, inmigrantes, mozos/as con escasa formación; co obxectivo de ofrecer o servizo de orientación laboral.

Poden acceder a este servizo persoas con domicilio en: A Lama, As Neves, Caldas de Reis, Cambados, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Fornelos de Montes, Moaña, Moraña, Meis, O Grove, Pontecesures, Pontevedra, Portas, Redondela, Ribadumia, Silleda, Soutomaior, Valga, Vigo, Vila de Cruces e Vilagarcía de Arousa.

Durante o ano 2017 atendéronse un total de 203 persoas.

Este programa está subvencionado pola Deputación de Pontevedra.



PONTE_CO
EMPREGO



Orientación Laboral
Intermediación
IPIS
Boletín de Ofertas
de Emprego
Inserción Laboral
Bolsa de Emprego

Apostamos polo
EMPREGO

✓ PROXECTO IOBE



A través de dita subvención, a Fundación Amigos de Galicia, conta con **CATRO NOVAS OFICINAS DE ORIENTACIÓN LABORAL** situadas en:

- Vilagarcía de Arousa: Avda. López Ballesteros, 7
- Pontevedra: R/Sor Lucía, 4 – Casa Azul
- Santiago de Compostela: Avda. De Lugo, 115
- Ourense: Avda. de Portugal, 59

Onde se ofrece un servizo de orientación laboral.

Dito proxecto relativo á solicitude de subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de accións de orientación laboral, presentada ao abeiro da orde do 8 de marzo de 2017, está subvencionado polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social, a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o Servizo Público de Emprego de Galicia. O período de actuación é do 26/12/17 – 25/12/18.

✓ PROXECTO CLARA

Levado a cabo no 2017, consistiu nun convenio de colaboración para a realización de prácticas non laborais dirixido a mellorar a participación social e laboral de mulleres en situación de vulnerabilidade.

A través de este programa, dúas mulleres realizaron prácticas nas instalacións de Vilagarcía de Arousa. Ao finalizar o período de prácticas, unha delas foi contratada pola entidade.

Este proxecto é organizado pola Secretaría de Estado de Servicios Sociais e Igualdade en colaboración co Concello de Vilagarcía de Arousa.



Proxecto integral para
MULLERES
en situación de
~~VULNERABILIDADE~~

Fundación **A**migos de **G**alicia



NON o permitas

PROGRAMA DIRIXIDO A MULLERES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE Á VIOLENCIA DE XÉNERO



AXUDA INMEDIATA
Asesoramento xurídico, psicolóxico,
mediación familiar, orientación laboral e apoio social

Ante esta problemática, pola que foron asasinadas **52 mulleres en España durante o ano 2017** e oito menores a man dos seus pais ou parellas da nai, a Fundación Amigos de Galicia desenvolve programas **dirixidos a mulleres que sofren, sufriron ou están en risco de sufrir violencia de xénero en Galicia.**

Esta axuda consiste en ofrecerlle unha serie de servizos en función das súas necesidades no campo **psicolóxico, xurídico, laboral e/ou apoio social.**

Neste eido, tamén se desenvolven accións no campo da prevención da violencia de xénero.

A Fundación Amigos de Galicia pon a disposición das mulleres e menores afectados unha **AXUDA INMEDIATA** que lle permita a independencia necesaria para poder afastarse da persoa maltratadora.

Ademais de toda a axuda relacionada con asesoramento psicolóxico e xurídico, tamén se lles ofrece un servizo de orientación laboral onde se realizan

accións con conleven a unha mellora das capacidades e a formación para a busca activa de emprego e a necesaria autonomía nas diferentes tarefas. **É importante que as usuarias consigan un emprego para poder ter unha independencia económica da persoa que exerce a violencia.**

TALLER DE AUTOESTIMA

A Fundación Amigos de Galicia organiza este taller para que as mulleres sexan capaces de entender a súa situación persoal e mellorar as súas habilidades sociais.

Este taller foi impartido nos concellos de **As Neves, Caldas de Reis, Cerceda, Guntín, Ourense, Pontecesures, Pontevedra, Rábade, Ribadumia, Riveira, San Cibrao das Viñas, Santiago de Compostela, Vigo e Vilagarcía de Arousa.**

No taller se tratan temas como a definición da autoestima, como identificar unha baixa autoestima, medidas de prevención do maltrato, tanto físico como psicolóxico, etc.

Impulsar accións de prevención e sensibilización da poboación é tarefa fundamental da entidade para poder loitar contra a violencia machista.



O programa tamén inclúe un asesoramento social, aportando información de cando saen as prestacións ás que poden acceder.

En función das súas necesidades tamén se lles ofrece unha axuda de recursos para evitar a súa susceptibilidade (alimentos, produtos de hixiene persoal, etc., sendo conscientes que moitas delas carecen de ingresos no momento da separación.

A axuda que ofrece a Fundación Amigos de Galicia vai dirixida tanto para as mulleres que sofren violencia machista como para os menores afectados

Para levar a cabo este proxecto a Fundación Amigos de Galicia pon a disposición dos/as beneficiarios/as un equipo humano con formación en prevención de violencia de xénero e condutas vinculadas ao xénero formado por traballadores/as sociais, psicólogos/as, orientadores/as laborais, asesores legais.

Pomos especial fincapé na defensa e axuda aos menores que forman parte do conflito, un conflito no que son a parte máis vulnerable e nos que se desenvolverán traumas que afectarán ao seu desenvolvemento persoal nun futuro.

A Fundación Amigos de Galicia presta toda a súa axuda a estas nenas e nenos que viven ou viviron con esta problemática. E pon a disposición dos

mesmos unha axuda directa no campo psicolóxico, xurídico e social.

Diversos programas levados a cabo neste eido contan co respaldo da Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral de Igualdade, a Deputación de Pontevedra e a Deputación de A Coruña.

Durante o ano 2017, atendéronse 383 mulleres que sufriron, sofren ou están en risco de sufrir violencia de xénero.

✓ PROXECTO GALICIA_ENIGUALDADE

O programa, **Galicia_Enlgualdade**, vai dirixido a **214 mulleres** de Galicia que sufriron, están sufrindo ou poderían sufrir violencia de xénero. Entre os diferentes servizos que ofrece este programa, está a **orientación laboral**.

O asesoramento comeza coa busca de oportunidades no mercado laboral, captando ofertas, realizando accións que conleven a unha mellora nas capacidades e a formación para a busca activa de emprego, realización de talleres e cursos, etc.

Dito proxecto está subvencionado por Obra Social La Caixa.



Presentación do Programa con representantes de CaixaBank e FAG

PROGRAMAS PARA O COLECTIVO

MIGRANTE

Fundación Amigos de Galicia

A INMIGRACIÓN

A Fundación Amigos de Galicia presta especial atención ás persoas inmigrantes que se atopan nunha situación de dificultade económica. Ademais da axuda alimenticia, reciben produtos de hixiene e limpeza, enseres do fogar, mobles e outras necesidades en función de cada caso persoal.

Dentro do **PROXECTO PARA A INFORMACIÓN AO COLECTIVO INMIGRANTE**, entregáronse entre as persoas atendidas boletíns de información útil para o colectivo, emitidos ata o mes de marzo de 2017.

A entidade tamén desenvolve *Itinerarios de Inserción Personaliza para persoas inmigrantes* co obxectivo de conseguir a súa inserción no mercado laboral ordinario.

EMIGRANTES RETORNADOS

A Fundación Amigos de Galicia entrega paquetes coa alimentación básica mensualmente a cada familia no seu propio concello. En atención ás súas demandas, tamén cobre as necesidades de roupa e calzado (que no caso dos menores será roupa nova para evitar a súa marxinación), así como de produtos de hixiene e escolares. Ademais, en situacións extremas a Fundación Amigos de Galicia realiza achegas económicas para o pago da luz, auga, gas...

Tamén en casos puntuais, a Fundación xestiona a documentación previa e posterior que han de presentar as persoas retornadas, así como a tramitación de axudas a favor dos

emigrantes retornados (asistenciais, integración laboral, acción de información sociolaboral e programas de formación profesional de carácter ocupacional) e as pensións a favor dos españois retornados que emigraron entre 1936-1942. Tamén, se é o caso, se tramitará dende a Fundación a convalidación e a homologación de títulos de estudos de educación non universitaria e educación superior, así como calquera trámite que se considerase oportunamente necesario e que non estivese citado con anterioridade.

PLAN DE APOIO ÓS/AS GALEGOS/AS RETORNADOS/AS

Esta axuda consiste en ofrecer aos socios/as dos centros galegos a posibilidade de recibir por parte da Fundación Amigos de Galicia axuda xurídica na comunidade autónoma, axuda coas xestións coas administracións galegas e apoio social para retornar a Galicia.

En América, xa recibiron axuda por parte da Fundación galegos/as residentes en Cuba, Uruguay e Arxentina.

Ademais, estamos en contacto directo con centros galegos de América para xestionar os problemas que teñen os/as socios/as galegos con escasos recursos nos países nos que habitan actualmente e principalmente cos retornados a Galicia, facilitando a súa integración.

TAPÓNS SOLIDARIOS

Polo dereito a unha vida digna

Durante o ano 2017, a Fundación Amigos de Galicia financiou tratamentos de nenos/as galegos/as por valor de 17.485€

Fundación Amigos de Galicia



Son moitos/as os nenos/as galegos/as que con distintas problemáticas dende o seu nacemento ou no seu desenvolvemento precisan dunha atención diaria para poder mellorar a súa calidade de vida.

A Administración Pública, faise cargo a través da Atención Temprana (ata os seis anos) das terapias que estes/as nenos/as precisan, pero son moitas veces insuficientes, xa que canta máis intensidade cos tratamentos, os menores teñen máis posibilidades de mellora. Se as familias contan con escasos recursos, lles resulta imposible o custo das mesmas.

Ante esta situación, a Fundación Amigos de Galicia leva a cabo campañas de recollida de tapóns solidarios para pagar as terapias de nenos/as galegos/as.

pequeno en A Coruña valorada en 1.890€. Ademais a entidade fíxose cargo do aluguer para el e a familia en A Coruña con un coste de 350€ .



Alistair, de Taboadela, con retraso madurativo, parálisis cerebral infantil, epilepsia e reflujo gastroesofágico. A Fundación Amigos de Galicia levou a cabo unha campaña de tapóns para costear as sesións de logopedia e terapia ocupacional durante seis meses valoradas en 4.275€.

NENOS/AS ATENDIDOS/AS DURANTE O ANO 2017



Álex é un neno de Vigo con leucomalacia periventricular e tetraparesia espástica. Álex precisa sesións de Therasuit **para mellorar a súa calidade de vida**. No ano 2017 a Fundación Amigos de Galicia costeou unha sesión de Therasuit para o



Nahir, de Pontevedra, é unha nena con dificultades psicomotrices e comunicativas. A pequena precisa tratamentos de **neurorehabilitación, lokomat e logopedia** para mellorar a súa mobilidade e as súas capacidades comunicativas. **Durante o ano 2017** recibiu tratamentos de neuro e lokomat valorados en 5.560€.



Valeria, de Verín, con retraso psicomotor global; precisa sesións de logopedia e terapia ocupacional. Coa campaña de tapóns e a colaboración do Concello de Verín **a pequena puido recibir os tratamentos durante un ano valorados en 10.227,50€.** Esta campaña contou coa colaboración do Concello de Verín, que aportou 3.204€.



Iago é un neno de Sada con parálise cerebral a causa do virus xestacional CITOMEGALOVIRUS.

O pequeno precisa sesións de neurorehabilitación, fisioterapia respiratoria e fisioterapia neurolóxica.

A Fundación Amigos de Galicia comezará a pagar os tratamentos para Iago no ano 2018, valorados en 2.592€.

Este proxecto non sería posible sen a importante colaboración cidadá.

Durante o ano 2017, a Fundación Amigos de Galicia costeou tratamentos por valor de 17.485€. *Tratamentos comezados no ano 2017 prolongáronse

ata o 2018 (dato non reflexado no gasto total).

Todo isto foi posible grazas á colaboración dos **puntos de recollida, colexios, empresas e a cidadanía en xeral.**

Unha historia que contar

Coa intención de concienciar sobre a importancia de recoller tapóns, **Taponeta Solidaria** (impulsado por Enrique Magdalena) organizou co apoio de Fundación Amigos de Galicia a colocación da **VALLA SOLIDARIA** instalada no párking do Centro Comercial A Barca (Pontevedra).

Taponeta colabora ademais todo o ano na recollida de tapóns para Fundación Amigos de Galicia.



A IMPORTANCIA DA TRANSPARENCIA

As terapias que costea a Fundación Amigos de Galicia a través das campañas de tapóns son pagadas directamente ás clínicas onde os/as pequenos/as realizan os tratamentos, tras comprobación de asistencia ás sesións das terapias facturadas.

PROGRAMA PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA XERAL

Fundación Amigos de Galicia

Ademais da axuda aos colectivos en risco de exclusión social, a Fundación Amigos de Galicia desenvolve o **Programa de Axuda para Situacións de Emerxencia**.

A ola de incendios que sufriu Galicia no mes de outubro de 2017, deixou ao municipio de As Neves co 90% do seu territorio afectado polo lume. As chamas arrasaron practicamente a totalidade do monte do municipio, levándose tamén fábricas, negocios e vivendas.

Os primeiros días despois da catástrofe sufriron o corte de subministros básicos (luz e auga). Ante esta situación, Fundación Amigos de Galicia, dentro do seu Programa de Axuda para Situacións de Emerxencia, enviou ao municipio 19.800 litros de auga para entregar aos veciños e veciñas, que nese momento non dispoñían de auga potable nos seus fogares.



Entrega da auga en As Neves

Ademais da axuda prestada As Neves, a entidade tamén lanzou un chamamento á cidadanía galega que se viu afectada polos incendios estando a disposición para prestar axuda de mobles, produtos de hixiene e limpeza, roupa e calzado, etc.

O FUTURO NAS TÚAS MANS

Co obxectivo de seguir colaborando para paliar as consecuencias devastadoras que deixou este desastre natural, é vontade de Fundación Amigos seguir colaborando de cara ao 2018 para **repoboar os montes comunais do municipio de As Neves** a través dunha actividade que implicará ao alumnado dos colexios públicos. Unha actuación que ademais de axudar a repoboar os montes do municipio, **implicará aos nenos/as na importancia do coidado do medio ambiente.**



O FUTURO NAS TÚAS MANS

O monte nace na ESCOLA
Actividade de Repoboación
dos Montes de As Neves



Concello
As Neves



FUNDACIÓN
AMIGOS DE GALICIA

C.E.I.P. Marquesa do Pazo da Mercé, Escolas de Taboexa e Rubiós

A actividade terá lugar o 200 de marzo de 2018 coincidindo coa semana dos Bosques. Fundación Amigos de Galicia donará máis de 300 carballos ao municipio, que serán plantados polo alumnado, profesores/as, voluntarios/as que axudaron a paliar os incendios, persoal do concello e patronos/as da Fundación Amigos de Galicia.

PROGRAMAS DE COOPERACIÓN
NACIONAL^E
INTERNACIONAL

Fundación Amigos de Galicia

Cooperación Nacional

A Fundación Amigos de Galicia vén desenvolvendo ao longo dos seus anos de actividade diferentes proxectos de cooperación nacional dirixidos a paliar necesidades concretas en España.

Os estatutos da Fundación Amigos de Galicia establecen no artigo 6.12 “Realizar plans de actuación a nivel nacional, con delegacións nos centros galegos cos que existe convenio de colaboración”.

No ano 2017 a Fundación Amigos de Galicia asinou un convenio de colaboración con Xuntanza de Asociacións Galegas de Catalunya que permite axudar a galegos/as residentes en Cataluña que se atopan en situación de necesidade derivada da carencia ou limitación de recursos económicos.

A Fundación Amigos de Galicia realiza os informes sociais pertinentes, desde o Departamento de Traballo Social da entidade, para atender as necesidades básicas das familias derivadas da asociación catalana. Ademais, Fundación Amigos de Galicia tamén realiza trámites administrativos para estas familias ante organismos como a Xunta de Galicia, ao atoparse eles/as con trabas para levalos a cabo dende Cataluña.

Estas persoas tamén contan con asesoramento legal, poñendo á súa disposición o departamento xurídico, composto polos letrados:

Aquellas persoas derivadas por Xuntanza de Catalunya tamén contan con asesoramento legal, poñendo a disposición o departamento xurídico:

Francisco José Lago Calvo, Manuel Novás Caamaño, Ignacio Maril Pardo, Xesús Palmou



Xosé Carlos García, Presidente de Xuntanza de Catalunya, visitando o almacén de Fundación Amigos de Galicia.

Actualmente, a entidade tamén colabora con diferentes centros galegos en España, como a Asociación Cultural Cova da Serpe (Barcelona), O Aturuxo (Castellón) ou AEGAMA (Madrid), nos que presta axuda a persoas en risco de exclusión social.

Cooperación Internacional

A Fundación Amigos de Galicia vén desenvolvendo unha importante labours de cooperación internacional con diferentes países da xeografía mundial de cara a paliar necesidades concretas.

Actuacións realizadas con anterioridade da Fundación Amigos de Galicia:

- **Asilo Santovenia (A Habana)**: A entidade entregou dúas furgonetas - ambulancia para o Asilo Santovenia

(A Habana) para trasladar aos anciáns residentes no asilo ata o hospital. A entrega dunha das furgonetas realizouse en cooperación cos concellos de Monforte e Viveiro e coa colaboración do concesionario Peugeot-Martínez de Lugo; e a outra en colaboración con Automóviles Santiago Iglesias de Vilagarcía de Arousa. Neste centro viven 500 cubanos e 51 galegos/as. Ademais repartíronse máis de 100 toneladas de alimentos no Centro Galego da Habana para os/as galegos/as residentes no país.

- Hogar Español de **Montevideo** (República de Uruguay): Entrega dunha furgoneta. Esta residencia atende a 221 anciáns.
- Durante o terremoto de **Haití** no ano 2010, a Fundación Amigos de Galicia enviou máis de 100 toneladas de alimentos en cooperación con Caritas España, Caritas República Dominicana e Caritas Haití.

Na actualidade a Fundación Amigos de Galicia mantén **relacións periódicas con todos os centros galegos no mundo**, prestando axuda xurídica, axudas coas xestións das administracións galegas e apoio social para o retorno a Galicia. Neste sentido destacan as actuacións coa Sociedade Galega de Arantei, Vilamarín e A Peroxa (República de Arxentina), no Fogar Español (República de Uruguay), na Casa de Galicia na República de Uruguay e cos galegos/as retornados/as da República de Venezuela

A entidade realizou en 2017 un envío á **República de Angola** de axuda para a atención de 220 nenos/as, actuación xestionada polas Religiosas Franciscanas Misioneras de la Madre del Divino Pastor. Esta actuación conta coa colaboración de D. Ramiro Carregal Rey, propietario da conserveira Frinsa del Noroeste e Presidente de Honra da Fundación Amigos de Galicia.



Envío de alimentos a República de Angola

CULTURA GALEGA

Premios Fundación Amigos de Galicia

Fundación Amigos de Galicia



Os estatutos da Fundación Amigos de Galicia establecen nos artigos 6.14 e 6.15 a promoción da **identidade, do turismo e da gastronomía galega**.

Así mesmo, no artigo 6.16 se establece o patrocinio de premios que estimulen estes fins.

XXX GRELO DE OURO GRUPO ONCOMET

O Grelo de Ouro é un premio convocado anualmente pola Fundación Amigos de Galicia que se institúe para nomear a aquelas personalidades ou entidades que contribúen ao engrandecemento de Galicia.

No ano 2017, a Fundación Amigos de Galicia entregou o XXX recoñecemento a ONCOMET (Grupo de Oncoloxía Médica Traslacional) tendo en conta a súa grande labor investigadora proxectada ao estudo da Biopsia Líquida, un estudo que permite avanzar para que a Medicina de Precisión sexa unha realidade en Galicia e os/as enfermos/as oncolóxicos poidan beneficiarse o antes posible da vantaxe desta técnica.



Entrega do XXX Grelo de Ouro a ONCOMET, no Paraninfo da USC



Lucio Blázquez recibe o XV “Lola Torres” no Centro Superior de Hostalería de Galicia

PREMIO NACIONAL DE GASTRONOMÍA TRADICIONAL LOLA TORRES

LUCIO BLÁZQUEZ BLÁZQUEZ

O Premio Nacional de Gastronomía Tradicional Lola Torres, convocado anualmente por Fundación Amigos de Galicia en colaboración co Concello de O Grove e o Centro Superior de Hostalaría de Galicia, ten como finalidade destacar a gastronomía de aqueles restaurantes e/ou cociñeiros/as que leven como mínimo 25 anos de traxectoria, degustando padares coa súa cociña tradicional, elaborada con produtos autóctonos da zona.

